

NOVAS TENDENCIAS DO PENSAMENTO CONTEMPORÁNEO

por Proxecto Derriba

Martes 11

17:30h

1. Lyotard e a infancia

Jean-François Lyotard (1924-1998). Filósofo francés, criticou a sociedade actual postmoderna polo realismo dos cartos, que se acomoda a todas as tendencias e necesidades, sempre e cando teñan poder de compra. Criticou os metadiscursos: o cristián, o iluminista, o marxista e o capitalista. Segundo Lyotard, estes son incapaces de conducir á liberación. A cultura postmoderna caracterízase pola incredulidade con respecto aos metarrelatos, invalidados polos seus efectos prácticos e actualmente non se trata de propoñer un sistema alternativo ao vixente, senón de actuar en espazos moi diversos para producir cambios concretos. Algunhas das súas obras son Economía libidinal, A condición postmoderna: Informe sobre o saber ou A diferenza.

Delmiro Rocha (Salceda de Caselas, 1980). Licenciado en Filosofía pola USC (2004) e Doutor en Filosofía pola UNED e a Universidade Charles de Gaulle Lille 3 (2010), cun traballo sobre o concepto de soberanía en Jacques Derrida. Tradutor dos dous primeiros volumes do Seminario La bestia y el soberano, de Jacques Derrida [Vol. I (Buenos Aires, Manantial, 2010), Vol. 2 (no prelo)]. Publicou os ensaios Deconstrucións (Estaleiro editora, 2011) e Dinastías en deconstrucción [Ed. Dyckinson (no prelo)].

Xoves 13

2. Que é unha psicanálise? O real na teoría de Jacques Lacan

Jacques Lacan (1901-1981). Médico psiquiatra e psicanalista francés coñecido polas achegas teóricas que fixera á psicanálise baseándose nunha nova lectura de Freud que incorpora elementos do estruturalismo e da lingüística estrutural. Os seus aportes defíneos el mesmo como un «retorno a Freud» e ás súas teorías, por un lado, e como a súa radicalización, nova interpretación («Freud contra Freud») ou desenvolvemento ulterior, por outro. Reinterpretou e ampliou a práctica psicanalítica, construindo unha lectura da obra freudiana baseada no concepto de estrutura. Incorporou ademais nocións de orixe lingüística, filosófica e topolóxica. Entre as súas obras podemos destacar Escritos (2 vols.) ou O seminario (27 libros).

Francisco Conde Soto (Vigo, 1978). Licenciado en Filosofía pola USC (2001), Doutor en Filosofía pola Universidade de Barcelona (2007) cun traballo sobre a conciencia do tempo en Edmund Husserl. Diploma de Estudos Avanzados en Psicanálise na Universidade de París VIII (2010). Profesor de filosofía na USC. Autor das monografías Martin Heidegger (Baía Pensamento, 2007) e Cosmopolitismo vs. Globalización [Estaleiro editora (no prelo)].

Martes 18**3. M. Foucault: do problema da discursividade ao problema do poder**

Michel Foucault (1926-1984). Filósofo francés. É coñecido principalmente polos seus estudos críticos das institucións sociais, en especial a psiquiatría, medicina, as ciencias humanas, o sistema de prisións, así como polo seu traballo sobre a historia da sexualidade humana. O seu traballo sobre o poder e as relacións entre poder, coñecemento e discurso foi amplamente debatido. Nos anos 60, Foucault estivo asociado ao estruturalismo, un movemento do cal se distanciou máis adiante. Foucault tamén rexeitou as etiquetas de postestruturalista e postmodernista, que lle eran aplicadas habitualmente, preferindo clasificar o seu propio pensamento como unha crítica histórica da modernidade con raíces en Kant. Algunhas das súas obras son *As palabras e as cousas: unha arqueoloxía das ciencias humanas*, *A arqueoloxía do saber*, *Vixiar e castigar* ou *Historia da sexualidade* (3 vols.).

Diego Lubián (Vigo, 1979). Licenciado en Filosofía pola USC (2004), Diploma de Estudos Avanzados en Filosofía pola UNED (2008), onde actualmente está a desenvolver a súa tese de doutoramento. Coordinador do Seminario de Estudos críticos de Compostela, publicou a obra de catro ensaios *Martelazos. Sobre as formas de control nos ámbitos da instrución escolar, a ebriedade, a familia nuclear e a delincuencia* [Ed. Corsarias (no prelo)].

Xoves 20**4. D. Bensaïd: cambiando o mundo**

Daniel Bensaïd (1946-2010). Profesor de filosofía na Universidade París VIII e director da revista *Contre-Temps*. Foi autor dunha ampla e extensa obra que inclúe máis de trinta libros. A súa obra abarca unha gran diversidade de temas como o estudo do pensamento de Marx (a quen dedicou varias obras), Walter Benjamin e a análise de autores como Bourdieu, Alain Badiou, Derrida ou Foucault, as transformacións da soberanía, a política e o Estado no marco do proceso de globalización, o novo imperialismo, o balance da traxectoria do movemento obreiro do século XX ou o movemento altermundialista. Algunhas das súas obras traducidas ao castelán son *Cambiar o mundo*, *Marx Intempestivo*, *Clases, plebes, multitudes*, *Resistencias* e *Trotskismos*.

Brais González Arribas (Ourense, 1980). Licenciado en filosofía pola USC (2003) e doutorando do Departamento de filosofía da UNED. Profesor titular de Filosofía no IES Manuel Murguía de Arteixo (A Coruña). Publicou o ensaio *Outro xeito de ser* (Estaleiro editora, 2010).

Martes 25

1730h

5. Terry Eagleton: O debuxo dun círculo marxista

Terry Eagleton (1943-), crítico literario e cultural inglés, é catedrático de Teoría Cultural na Universidade de Manchester, onde ensina actualmente. Foi discípulo do crítico marxista Raymond Williams. Comezou como estudoso da literatura dos séculos XIX e XX, para pasar logo á teoría literaria marxista. Nos últimos tempos, integrou os estudos culturais coa teoría literaria tradicional. Algunhas das súas publicacións son Unha introdución á teoría literaria (1983), A estética como ideoloxía (1990), A idea da cultura (2000), Logo da teoría (2003) ou Os estranxeiros. Por unha ética da solidariedade (2009).

Xosé Manuel López Fernández (Lalín, 1967). Licenciado en Filoloxía Xermánica (inglés) e Alemá pola USC. Obtivo o Diploma de Estudos Avanzados en Teoría da Literatura e Literatura Comparada (1993) e prepara a súa tese de doutoramento sobre literatura norteamericana. É profesor de lingua inglesa no IES Laxeiro de Lalín (Pontevedra).

Xoves 27**6. Gilles Deleuze: unha filosofía do acontecemento**

Gilles Deleuze (1925-1995), filósofo francés, considerado entre os máis importantes e influentes do século XX. Desde 1960 até a súa morte, escribiu numerosas obras filosóficas, sobre a historia da filosofía, a política, a literatura, o cine e a pintura. Entre os seus libros máis famosos están os dous volumes de Capitalismo e esquizofrenia: O Antiedipo e Mil mesetas, ambos escritos en conxunto con Félix Guattari; os dous libros que seguiron a maio do 68 en París, Diferencia e repetición, e Lóxica do sentido; os seus dous libros sobre cine, Imaxe-movemento e Imaxe-tempo; e por último, Que é a filosofía?, tamén escrito en conxunto con Guattari.

Abraham Rubín (Ourense, 1978). Licenciado en Filosofía pola USC (2004), é investigador do departamento de filosofía e filosofía moral e política da UNED, onde obtivo o Diploma de Estudos Avanzados en Filosofía (2006) e onde prepara a súa tese de doutoramento. Publicou os ensaios Da revolta italiana á potencia da multitude (Estaleiro editora, 2010) e Entre posmodernidade e utopía (Estaleiro editora, 2010). É profesor de filosofía de ensino secundario da Xunta de Galicia.

Todas as sesións ás 18h.

Museo Verbum - Casa das PalabrasAvda de Samil, 17 VIGO
Teléfono: 986 240 130Preinscrición e máis información en www.verbum.vigo.org

organiza:

CONCELLERÍA
DE
CULTURA
E FESTAS

ALCALDÍA

